



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ANUNCIO

NOMEAMENTO DE D^a LUCÍA TUDÓ SOUZA COMO FUNCIONARIA INTERINA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 14 DE XANEIRO DE 2026.

EXPTE. TEDEC: 2025/E001/000002

De conformidade co disposto na Base 10^a da Convocatoria de selección para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación na modalidade de substitución dun axente de emprego e desenvolvemento local, grupo A2, como persoal funcionario interino, faise público o Decreto da Alcaldía de data 13 de xaneiro de 2026, mediante o cal se acorda nomear a D^a Lucía Tudó Souza como funcionaria interina, Decreto que a continuación se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: NOMEAMENTO DE D^a LUCÍA TUDÓ SOUZA COMO FUNCIONARIA INTERINA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000021

EXPEDIENTE DE ORIXE: 2025/E001/000002

Vista a necesidade de cubrir temporalmente a praza de AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (AEDL), Grupo A2, posto que a persoa titular se atopa en situación de incapacidade temporal, con reserva de posto.

Vistas as bases reguladoras publicadas no BOP núm. 36 do 21/02/2025 para a creación dunha bolsa de emprego de persoal funcionario interino, mediante oposición, de axente de emprego e desenvolvemento local, grupo A2, para substitución (artigo 10.1.b do TREBEP).

Visto que mediante decreto desta Alcaldía de data 20/11/2025, despois da celebración do correspondente proceso selectivo, se aprobou a bolsa de emprego de persoal funcionario interino, mediante oposición, de axente de emprego e desenvolvemento local, grupo A2, para substitución (artigo 10.1.b do TREBEP), publicada BOP núm. 227 do 26/11/2025, na que consta a listaxe e orde definitiva de chamamento dos integrantes da mesma.

Resultando que a Base 10^a que rexe o procedemento, literalmente establece:



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

“Presentada a documentación polo interesado, e sendo a mesma conforme, a Alcaldía efectuará o nomeamento, a favor da persoa candidata proposta, como funcionario/a interino/a.

O nomeamento deberá ser notificado ao interesado/a, o cal deberá tomar posesión dentro do prazo máximo de tres días hábiles, contado desde a data de notificación, tendo en conta que dito nomeamento realizarase con carácter de interinidade vinculado á circunstancia que deu lugar á súa selección.

O cese da persoa funcionaria interina seleccionada producirase pola causas indicadas nas presentes bases mediante a sinatura da correspondente acta de cese.

A resolución de nomeamento deberá igualmente ser publicada no taboleiro do Concello co réxime de recursos que proceda”.

Vista a orde de chamamento e a relación de aspirantes que forman bolsa de emprego aprobada por Decreto da Alcaldía de data 20/11/2025 para a contratación dun/dunha Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL) en substitución de traballador con dereito a reserva de posto, a cal se indica a continuación:

POSTO	NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN
1	BELEN BLANCO TERNANDE	78****55T	8,80
2	LUCIA TUDÓ SOUZA	48****52R	8,00
3	TAMARA CAMPAÑA RODRIGUEZ	78****39C	8,00
4	ANA Mª PEREZ GARCÍA	79****90Y	7,40
5	MARTA CASTRO ROMERO	78****80X	5,80
6	Mª ISABEL LISTA LUACES	79****79C	5,40
7	NOELIA TEJEIRO CAL	79****03Z	5,20

Visto que de conformidade co disposto na Providencia desta Alcaldía de data 18/12/2025, nesta mesma data se requiriu a D^a. Belén Blanco Ternande, aspirante que figura en primeiro lugar na bolsa de emprego, para que no prazo de tres días hábiles, a contar desde a publicación do chamamento no Taboleiro de anuncios e na web do concello, presente a documentación a que se refire a base 9ª da convocatoria, co fin de proceder, no seu caso, ao seu nomeamento como funcionaria interina, na modalidade de substitución, como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL) en substitución de traballador con dereito a reserva de posto.

Visto que D^a. Belén Blanco Ternande, candidata que figura en primeiro lugar na relación de aspirantes que forman bolsa de emprego para o nomeamento de funcionaria interina como AEDL, en data 23/12/2025 (RXE núm. 202599900001311), dentro de prazo, presentou escrito de rexeitamento



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ao chamamento realizado para o posto de AEDL debido a que nestes momentos atópase prestando servizos noutra administración.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 26/12/2025 mediante a cal se propón o chamamento e o nomeamento da candidata que figura en segundo lugar na bolsa de emprego, D^a Lucia Tudó Souza e se lle require para que presente a documentación á que fai referencia a base 9^a da Convocatoria.

Resultando que transcorrido o prazo concedido á segunda candidata, D^a Lucia Tudó Souza, proposta para ser nomeada como funcionaria interina para o posto de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (ADL) do Concello de Camariñas, esta presentou, dentro do prazo concedido, a documentación requirida á que se refire a base 9^a da convocatoria e achada a mesma conforme.

Á vista, pois, do exposto e que pola Intervención municipal se ten emitido o preceptivo informe de fiscalización e certificado de existencia de crédito é polo que en uso das facultades que me confire o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local,

ACORDO:

Primeiro: Nomear a D^a LUCÍA TUDÓ SOUZA, como funcionaria interina do grupo A2, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (ADL) do Concello de Camariñas, polos motivos sinalados no artigo 10. 1 b) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do estatuto básico do empregado público (TREBEP) é dicir; a substitución transitoria dos titulares, durante o tempo estritamente necesario.

Segundo: De conformidade coa Base 2^a que rexe no procedemento de selección para creación da bolsa, o seu cese producirase no momento en que desaparezan as causas que xustificaron o seu nomeamento, sen prexuízo do previsto no art. 63 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Terceiro.- Advertir que de conformidade coa Base 10^a da Convocatoria, D^a LUCÍA TUDÓ SOUZA, deberá tomar posesión dentro do prazo máximo de tres días hábiles, contado desde a data de notificación, tendo en conta que dito nomeamento realizárase con carácter de interinidade vinculado á circunstancia que deu lugar á súa selección.

Cuarto: Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e a efectos meramente informativos na sede electrónica do Concello de Camariñas, coa indicación expresa dos recursos que cabe interpor contra o presente acordo, a saber, o acordo que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldesa D^a Sandra Insua Rial.